



Concello de Sarria

ASUNTO:

PROPOSTA DA CONCELEIRO DA ÁREA DE DEPORTES DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA MILLA DE SARRIA 2022

REGULAMENTO MILLA DE SARRIA

1-CATEGORÍAS

As categorías son as seguintes:

- Sénior FEMENINO E MASCULINO desde os 18 aos 45 anos
- Veterano FEMENINO E MASCULINO. A partir dos 45 anos
- Mini - 2016- 2017 FEMENINO E MASCULINO
- Categoría A - 2013- 2014- 2015 FEMENINO E MASCULINO
- Categoría B - 2010- 2011- 2012 FEMENINO E MASCULINO
- Categoría C - 2007- 2008-2009 FEMENINO E MASCULINO
- Categoría D - 2004 - 2005- 2006 FEMENINO E MASCULINO

2-PERCORRIDO

A carreira discorre por un circuíto urbano practicamente chairo, en liña recta, pola rúa Calvo Sotelo.

3-LUGAR E DATA

A saída, as 18:00 horas do día 31 de decembro de 2022, estará situada na entrada de Sarria, na rotonda sita na estrada que ven de Samos, e a meta á altura do Hotel Roma.

4-PARTICIPACIÓN

Poderán participar na proba todos os atletas inscritos na páxina web www.sarriacorre.com dende o día da súa publicación nesta páxina ata o día 29 de decembro de 2022.

5-INSCRICIÓN

A inscrición será **GRATUÍTA** e se realizará a través da páxina web de Championship Norte www.ccnorte.com ou www.sarriacorre.com

O feito de inscribirse supón a aceptación do regulamento.

Cada corredor terá asignado un dorsal. O cronometraxe realizará pola empresa Championship Norte.

Todos os corredores polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome como da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e en internet.

O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.





Concello de Sarria

6- DESCUALIFICACIÓN

Será motivo de descualificación non realizar todo o circuíto da proba, saír sen dorsal ou Chip, e falsificar datos persoais.

7-TROFEOS

Haberá premio para os gañadores absolutos, masculino e feminino: o seu peso en produtos cárnicos porcinos sarriaos.

Todos os participantes recibirán unha medalla de chocolate como homenaxe ao irmandamento dos Concellos de Sarria e El Escorial.

8-DORSAIS

A entrega de dorsais realizarase o mesmo día da proba, desde as 16:00 horas no pavillón dos Institutos de Sarria.

9-ASISTENCIA PROTECCIÓN CIVIL

A proba contará con voluntarios de protección civil.

10- SEGUROS

A organización dispoñerá dos seguros pertinentes segundo a normativa vixente para as probas populares deste tipo.

A organización non é responsable dos danos morais, materiais ou económicos derivados da participación nesta proba.

11-OUTROS

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro Delegado de Deportes.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE À MARXE)

